

Resumo do Protocolo para a detección de infección polo SARS-COV-2 con test rápido de antíxeno en saliva en centros de educación primaria.

Persoas destinatarias.

Alumnado do ámbito da educación primaria pública e privada da Comunidade Autónoma de Galicia que voluntariamente desexe realizar a proba diagnóstica da COVID-19 tras a detección dun caso esporádico de COVID-19 entre a súa rede de contactos máis próximos (aula, comedor, etc) e que cumpra os seguintes requisitos:

- Non atoparse en situación de illamento por ser caso confirmado de COVID-19.
- Non atoparse en situación de corentena por ser contacto estreito dun caso confirmado.
- Non ter padecido COVID-19 nos 3 meses previos.

Procedemento para a despistaxe de infección con test rápido de antíxeno en saliva no ámbito da educación primaria.

Segundo o protocolo establecido, ante a aparición dun caso esporádico de COVID-19 nun centro educativo a central de seguimento de contactos (CSC) notificará a través de EduCOVID esta circunstancia ao equipo COVID do centro.

Procedemento de toma e análise da mostra biolóxica

- Unha vez enviados os test ao centro educativo, o responsable do equipo COVID do centro proporcionará aos/ás alumnos/as que formen parte da rede de contactos máis próximos ao caso un kit para a realización da proba no domicilio.
- O procedemento para a toma da mostra de saliva realizarase segundo as especificacións recollidas no manual de instrucións do test.
- A toma da mostra e a técnica diagnóstica será realizada no domicilio do/a alumno/a.
- Antes de realizar a proba, debe permitirse que o kit e a mostra se equilibren a temperatura ambiente (15-30 °C).

Comunicación e rexistro do resultado da proba

Todos/as os/as nenos/as que obteñan un resultado positivo na proba de antíxenos de autodiagnóstico serán consideradas directamente como caso confirmado de infección activa polo SARS-CoV-2. Polo tanto, estes/as nenos/as deberán seguir as medidas de illamento dispoñibles na páxina web do coronavirus .En todo caso, o caso confirmado sempre deberá seguir as indicacións dos profesionais sanitarios que se encarguen do seu seguimento clínico

Co fin de realizar o seguimento e estudo do caso confirmado, a persoa responsable do/a neno/a deberá notificar o positivo a Saúde Pública a través do formulario de declaración responsable de autotest positivo dispoñible na páxina web do coronavirus ou chamar ao 881 540 045.

En ningún caso notificaranse resultados negativos.

Como indica o protocolo de educación, calquera persoa cun resultado positivo deberá informar ao centro educativo desta circunstancia.